

# MÚSICA, MAESTRO!

## Unha achega á tradición musical da nosa vila

Estimadas familias,

Como vén sendo habitual ano a ano, a biblioteca da escola embárcase nun proxecto de traballo no que a colaboración de toda a comunidade educativa é condición indispensable para arribar en bo porto. Basearemos coma sempre as nosas investigacións no currículo cedeirés e así propoñemos este curso un tema que forma parte esencial da existencia da nosa vila

## A MÚSICA

Cedeira...unha vila que non se entende sen o compoñente musical. Foron, son e serán moitos os músicos e agrupacións que manteñen viva a nosa tradición musical. A música é parte da vida cotiá: cantamos cando xogamos, cando contamos contos , despois dun xantar compartido e mesmo cando traballamos, forma parte das nosas vidas e da nosa historia como pobo .

Non entenderemos pois o currículo cedeirés sen o compoñente musical. Queremos achegar aos nosos nenos e nenas a nosa tradición máis sonora , queremos facelo dende a escola, dende a biblioteca e coa axuda inestimable de todos vosoutros.

Ao estar en vésperas do Tempo de Nadal e coa intención de ir preparando os cantares de aginaldo iniciamos este proxecto. Se conservades na vosa memoria ou na dos vosos avós algún cantar tradicional, cubride o seguinte cuestionario . **Prazo de entrega: do 27 de outubro ao 3 de novembro**

1. COÑECES ALGUNHA CANCIÓN POPULAR DE CEDEIRA?

 SI

 NON

2. QUE TIPO DE CANCIÓN É?

 DE NADAL OU REIS

 DE ENTROIDO

 INFANTIL

 CANCIÓN POPULAR

 COPLAS POPULARES

3. NOME E APELIDOS DO NENO OU NENA

-----

4. NOME E IDADE DA PERSOA QUE COÑECE A CANCIÓN

5. NÚMERO DE TELÉFONO DE CONTACTO:

## AO LONGO DO CURSO IREMOS INFORMANDO DE OUTRAS ACTIVIDADES MUSICAIS:

Se podedes aportar información en calquera dos seguintes apartados, anotade o voso nome e un teléfono de contacto.

1. XOGOS MUSICAIS (xogos de roda, xogos de palmas, cancións do xogo da corda...)

2. INFORMANTES, persoas que teñan algo que contar da tradición musical da nosa vila. Valoraranse especialmente aquelas testemuñas maiores de 70 anos

3. FOTOGRAFÍAS ou materiais audiovisuais relacionadas coa historia musical da nosa vila.

**(Todo o que poidades aportar será devolto ás familias ao rematar a actividade.)**

Podedes enviar as vosas aportacións por escrito, nunha grabación ou achegarvos á escola para ensinarnos os cantares en directo.  
Número de teléfono: 615143625

**GRACIAS POR FACERNOS MEDRAR ANO A ANO!**